



José Manuel da-Cunha Babarro, en calidade de Secretario do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, CERTIFICO:

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense en reunión ordinaria celebrada o día 29/9/2016, tomou entre outros o seguinte acordo:

Adjudicar o contrato de subministración de camisetas para a XL Carreira Pedestre San Martiño 2016, á empresa Turini Sport S.L. por ser a súa oferta a mais vantaxosa.

Dispoñer o gasto por importe de 30.782 €, dos que 5.342 € corresponden a IVE, con cargo á partida orzamentaria 3410-22610 e en vigor deste organismo para o ano 2016

Requirir á adjudicataria para a formalización do contrato no prazo máximo dos 15 días seguintes á comunicación, e autorizar ao Presidente do Consello para a súa formalización.

Publicar na web do contratante a adjudicación do contrato e notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo.

Esta resolución é definitiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación conforme ao disposto no art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense a 30/9/2016

